

Os piratas do *Caimán Negro*
non queren nenas no seu barco.

Que pasará cando chegue Daniela?



ISBN: 978-84-17673-66-6 www.nubeocho.com



Outras aventuras
de Daniela Pirata

DANIELA PIRATA



Susanna Isern & Gómez



nubeocho

DANIELA PIRATA



SUSANNA ISERN
& GÓMEZ





Daniela Pirata
Colección Egalité

© do texto: Susanna Isern, 2017
© das ilustracións: Gómez, 2017
© da edición: NubeOcho, 2017
© da tradución: Maruxa Zaera Landeira, 2019
www.nubeocho.com · info@nubeocho.com

Idea orixinal de Luis Amavisca.

Título orixinal: *Daniela Pirata*

Terceira edición: febreiro 2021
Primeira edición: marzo 2020
ISBN: 978-84-17673-66-6
Depósito Legal: M-7690-2020

Impreso en Portugal.

Todos os dereitos reservados. Prohibida a súa reprodución.

A Yuna.

Susanna Isern


*Ao meu neno, a quen non lle gusta nada que
haxa baños de homes e de mulleres.*

Gómez

DANIELA PIRATA



SUSANNA ISEARN
& GÓMEZ



NUN MAR MOI AFASTADO

navegaba o *Caimán Negro*,
o barco pirata máis temible de todos
OS TEMPOS.

Todas as **EMBARCACIÓNS** planeaban as súas
rutas para non se cruzar con el, e se algún mariñeiro
o albiscaba desde o seu **ANTEOLLO**, daba a volta
e fuxía en sentido contrario.





O capitán do **CAIMÁN NEGRO** chamábase
ORELLACORTADA. Tanto el coma os seus feros
piratas eran famosos polas súas arrepiantes andanzas.

Naquel mar tan afastado tamén navegaba
DANIELA, a bordo da **ARAÑA SALTARICA**,
o seu pequeno veleiro.

A pesar das horribles lendas que se contaban,
ela buscaba aquel **TERRORÍFICO BARCO**.
E é que había algo que desexaba con todas as súas forzas:

Daniela quería ser **PIRATA**
no **CAIMÁN NEGRO!**



Un día, despois de moitos soles
e moitas lúas **BUSCÁNDOO,**



ATOPOUNO.

—Chámome Daniela e
QUERO SER PIRATA
neste barco!



—**NENA**, dis que queres formar parte da nosa
tripulación? —preguntoulle Orellacortada, sorprendido.
—Abofé que si! —respondeu
Daniela con decisión.

Os piratas escacharon coa **RISA.**



O capitán axuntouse cos seus **HOMES**. Tras varios minutos de discusión, Orellacortada falou:

—Para ser pirata
no *Caimán Negro*
cómpre superar unha
serie de **PROBAS**.



—Cales? **FAREI O QUE SEXA!** —dixo Daniela moi convencida.


—A **PRIMEIRA PROBA** para ser
pirata é capturar peixes ás cheas.
Nena, **TI SABES PESCAR?**



DANIELA BOTOUSE
AO MAR DE CABEZA.



Cando volveu,
os piratas quedaron
ALUCINADOS.



—AQUÍ TRAIO
varios bacallaus, quilos
de langostinos, tres luras
xigantes e unha raia.

—Non está mal... —recoñeceu Orellacortada—. A
SEGUNDA PROBA para ser pirata é demostrar a
fortaleza dun carballo. Nena, **TI ES FORTE?**